

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das/dos aspirantes admitidos aos procedementos selectivos e de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 23 de marzo de 2013 (Diario Oficial de Galicia do 4 de abril).

Aprobada mediante a Resolución do 4 de xuño de 2013 a lista definitiva de admitidos e excluídos aos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia convocado pola Orde do 23 de marzo de 2013 (*Diario Oficial de Galicia* do 4 de abril), procede determinar as/os aspirantes que deberán actuar ante cada tribunal.

Na súa virtude, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Asignarlles aos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia convocado pola Orde do 23 de marzo de 2013 (*Diario Oficial de Galicia* do 4 de abril) os/as aspirantes que deberán actuar ante cada tribunal, segundo se especifica no anexo desta resolución.

O número que lle corresponde ao opositor é o que figura na lista definitiva de admitidos e excluídos.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2013

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos



ANEXO
Ensino secundario

- Corpo de inspectores.

Tribunal único. Todos os opositores matriculados para acceso ao corpo de inspectores de educación.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

- Corpo de mestres.

– Especialidade: Educación Infantil.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados pola quenda de discapacitados nesta especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e do primeiro ao 100 dos matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

Tribunal nº 2. Do 101 ao 273 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

Tribunal nº 3. Do 274 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Estes tres tribunais actuarán na Coruña).

Tribunal nº 4. Do primeiro ao 191 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

Tribunal nº 5. Do 192 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Estes dous tribunais actuarán en Lugo).

Tribunal nº 6. Do primeiro ao 194 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

